



# MEMORIA DE ACTIVIDADES E ECONÓMICA 2021

## ASOCIACIÓN ELAS





## ÍNDICE

|                                                                                                                  |    |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| Presentación                                                                                                     | 3  |
| 1-A Entidade                                                                                                     | 4  |
| <ul style="list-style-type: none"><li>• Datos Xerais</li><li>• Obxectivos</li><li>• Ámbito territorial</li></ul> |    |
| 2-Organización                                                                                                   | 7  |
| <ul style="list-style-type: none"><li>• A Xunta Directiva</li><li>• Voluntariado</li></ul>                       |    |
| 3-Actividades Ano 2021                                                                                           | 8  |
| 4-Agradecementos                                                                                                 | 17 |
| 5-Datos Económicos                                                                                               | 18 |
| <ul style="list-style-type: none"><li>• Conta de Resultados 2021.</li><li>• Balance de Situación 2021.</li></ul> |    |



## PRESENTACIÓN

A Asociación Elas naceu no ano 2005 co obxectivo de fomentar a integración da muller na vida social, cultural, económica e política a través da promoción dun valor fundamental como é o da Igualdade.

Ao longo da nosa traxectoria, traballamos, pola muller e pola igualdade, tanto no noso Concello de Bergondo, como na nosa comarca, formando parte das entidades supramunicipales máis importantes: Reserva da Biosfera, GDR-23, GALP Golfo Ártabro Sur, etc.

A XUNTA DIRECTIVA

Decembro 2021



## 1- A ENTIDADE

### DATOS XERAIS

**Denominación:** Asociación Elas, pro-igualdade de dereitos da muller.

**Nº de socios/as a 31 de Decembro 2021:** 26

**CIF:** G70027750

**Data de constitución:** 6 de Xuño de 2005

**Inscripción no Rexistro Central de Santiago**

Núm: 2005/008.980/1

**Inscripción no REMAV do Concello de Bergondo**

Núm: 20

**Domicilio social**

Lugar Carrio 54A-Bergondo- A Coruña

**Código postal:** 15165

**Teléfono:** 616 398 143

**E-mail:** [elasociacion@hotmail.com](mailto:elasociacion@hotmail.com)

**Web:** [www.mencargf.wix.com/elasociacion](http://www.mencargf.wix.com/elasociacion)

**Redes sociais:** [www.facebook.com/Elasociacion](https://www.facebook.com/Elasociacion)



## OBXECTIVOS

Son obxectivos principais da Asociación Elas: Realizar as accións e actividades necesarias para traballar a favor dos dereitos e intereses da muller.

Actividades para conseguir os obxectivos:

- a. Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres con actuacións en tódolos ámbitos posibles, fomentando a economía social, o voluntariado social e a acción social.
- b. Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por sexo e defender os dereitos e intereses das mulleres.
- c. Informar e instruír as mulleres en cuestións que afecten ó seu interese xeral.
- d. Realizar campañas de sensibilización da poboación sobre os problemas da muller.
- e. Combater as condutas discriminatorias contra a muller.
- f. Favorecer a integración social e laboral das mulleres en risco de exclusión social.
- g. Promover a presenza das mulleres nos ámbitos de participación políticos e sociais.
- h. Fomentar a comunicación, relación e intercambio con outras organizacións de mulleres e fomentar redes de apoio mútuo e autoestima.

## ÁMBITO TERRITORIAL

A pesares de que, pola súa fundación, a Asociación Elas está moi ligada ao territorio da comarca das Mariñas (A Coruña), onde procuramos ser activas, o seu ámbito territorial abarca enteiramente a Comunidade Autónoma de Galicia. Aínda que, nestes momentos, Bergondo é prioridade.





## 2- ORGANIZACIÓN

### **ÓRGANO DE GOBERNO**

A Xunta Directiva

#### **Presidenta**

Carmen García Fernández

#### **Secretaria**

Carmen Cantón Rodríguez

#### **Tesoreira**

M<sup>a</sup> Dolores Candal Fernández

#### **Vocal**

M<sup>a</sup> Josefa González Carrín

### **VOLUNTARIADO**

Tódalas compoñentes da Xunta Directiva traballan de forma voluntaria, sen recibir ningunha remuneración.

Por isto, o voluntariado é unha figura esencial na nosa entidade. Desexamos seguir contando coa súa colaboración.

### 3-ACTIVIDADES

**Durante todo o ano**

#### **Biblioteca**

Elas foi creando unha Biblioteca con servizo de préstamo, con materiais procedentes de doazóns de varias Bibliotecas e Entidades, e tamén dos veciños e veciñas.

Damos prioridade a temas relacionados coa muller. Este material está a disposición do público. Tan só hai que cubrir una ficha de préstamo.



Biblioteca do local de Fiobre

## GDR-23 As Mariñas-Betanzos-Reserva da Biosfera As Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

- Elas adheriuse ao Grupo de Desenvolvemento Rural-23, "As Mariñas-Betanzos" no ano 2008. Participou de forma activa na súa creación. A nosa asociación continua formando parte deste GDR. Tamén formamos parte da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, que celebrou o **12 de Abril** a súa **Asamblea Xeral**, á que asistimos, na Senra, en Bergondo.



Asamblea Xeral 2021 da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

## GALP "Golfo Ártabro Sur"

Elas participa no GALP "Golfo Ártabro Sur", para seguir traballando polo desenvolvemento da nosa Comarca na área de Muller. Formamos parte da Mesa do Sector Social, sección Mulleres. Tentamos de dar difusión ao traballo do Golfo Ártabro Sur, en canto aos temas relacionados coa perspectiva de xénero.

- Asistimos á **Presentación Oficial do II Roteiro "Son de Mar" o 16 de Setembro**. Este II Roteiro teatralizado tivo lugar na Senra, en Bergondo. Asistiu o director Alfonso García Penas, varios dos intérpretes principais e máis emblemáticos da serie. Tamén membros do Galp, como Alberto García Castro, Presidente, e Alejandra Pérez Máquez, Alcaldesa de Bergondo. Por parte da Consellería do Mar, Patricia Rodríguez, Secretaria territorial da Coruña.



Presentación Oficial do II Roteiro "Son do Mar", o Xoves 16 de Setembro de 2021, no Auditorio da Senra.

- **Participamos no Proxecto de Cooperación “Un Mar en Común”. A Afouteza do Mar**, ao longo de **Novembro e Decembro**. Neste proxecto participan varios GALP's (de A Mariña-Ortegal, Golfo Ártabro Norte, Golfo Ártabro Sur, e Ría de Pontevedra) e ten por obxecto o fortalecemento das entidades que forman os Galp's, para mellorar a participación e o relevo xeracional nas entidades entre outros obxetivos.



# CONVITE FORMATIVO

## UN MAR EN COMÚN

A AFOUTEZA DA XENTE DO MAR

Convidámosvos a esta *primeira sesión formativa* onde vos contaremos o que levamos visto ata o momento e tentaremos tecer ligazóns para fortalecer a comunidade asociativa arredor do GALP. Gustaríanos que vos achegádeses a participar e a tomar un viño connosco e co persoal do voso GALP.

Nesta primeira xornada favoreceranse as sinerxias entre os diferentes asociados co obxectivo de despertar, abrir e proxectar novas posibilidades de desenvolvemento e crecemento económico no territorio, a través da interacción e a colaboración dos axentes locais, as entidades e os asociados.

Entre outras cousas, falaremos de nós, de quen somos, da importancia da cooperación para poñer en valor o territorio e fixar o emprego, do papel da innovación e da tradición nos traballos relacionados co mar e sobre a construción colectiva do futuro en Galicia.

**GALP GOLFO ÁRTABRO SUR**  
**CASA DO MAR DE SADA**  
**9 DE DECEMBRO - 17:30H**





- Participamos na edición deste ano de **"Bergondo en Feminino"**, nesta nova fase do proxecto, que se iniciou **no mes de Xuño**. Tamén, ao longo deste ano, difundimos o proxecto e as videoguías das nosas pioneiras e referentes de Bergondo nas nosas redes sociais. Temos un especial agarimo por este proxecto pioneiro, participativo, feminista e moi comunitario.



Estivemos na sesión de inicio desta nova fase do Proxecto de Bergondo en Feminino. E traballando despois no proceso de investigación. A participación da mocidade comeza a facerse visible, e iso é moi positivo.

- O **5 de Outubro**, retomamos as clases da nosa actividade de ioga. Iso sí, con criterios de prudencia e con tódalas medidas anticovid: grupos de só 6 personas máis a monitora, xel hidroalcohólico, máscara e distancia interpersonal en todo momento, ventilación, etc.



Actividade de ioga da Asociación Elas no local social Filomena Dato Muruais de Fiobre.

- O 23 de Outubro participamos no acto organizado pola Deputación de A Coruña en colaboración con FADEMUR, "O rural ten futuro", para a conmemoración do Día Internacional das Mulleres Rurais. Celebrouse nas Pontes e asistimos unhas 350 mulleres. Estes espazos e tempos para poñer en común os problemas da muller no rural son moi necesarios.



LUGAR : Cine Alovi      HORARIO: de 11:30 a 14:00 horas

#### 11:30 Benvida

- Presidente da Deputación de A Coruña  
Valentín González Formoso
- Presidenta FADEMUR Galicia  
Verónica Marcos Arrojo
- Secretario Xeral de Unións Agrarias - UPA  
Roberto García González

#### 12:00 Entrega de recoñecementos

- RECOÑECIMENTO A POSTA EN VALOR DA NOSA ARTESANÍA
- RECOÑECIMENTO AO COMPROMISO CO SECTOR PRIMARIO E O TERRITORIO
- RECOÑECIMENTO A SÚA APORTACIÓN AO MUNDO DA CULTURA, A LINGUA E AS ARTES
- RECOÑECIMENTO AO COMPROMISO COA IGUALDADE E O MEDIO RURAL

#### 12:20 Mesa redonda: Contra o desmantelamento dos servizos no rural

- Isabel Calvete Carrera. Vicepresidenta das ANPAS-Galicia.
- Vanesa Viqueiri Fernández. Representante da Asociación "Pediattas e matronas Xa"
- Jacobo Feijoo Lamas. Responsable da Área de Desenvolvemento Rural de Unións Agrarias - UPA

Modera: Cristina Fernández Durán. Enxeñeira agrónoma

#### 13:20 Vídeo 3-4 minutos

#### 13:30 Clausura

- Presidenta de FADEMUR España  
Teresa López
- Concelleira de Igualdade do Concello de As Pontes  
Tania Pardo



Ao Acto asistimos unhas 350 mulleres.





- **Participación da Asociación Elas na reunión do órgano consultivo de Participación Social "Consello de Relacións Veciñais" do Concello de Bergondo, celebrada o 23 de Novembro:** Nesta ocasión, falouse do uso dos espazos municipais, organización das actividades, etc, dentro da situación actual. E tamén sobre a proposta dos orzamentos municipais 2022. A asociación Elas, xunto con outras asociacións de Bergondo, que forman parte do REMAV, aporta unha representante titular e unha suplente para a participación neste Consello Veciñal.



- **Continuamos activas na nosa páxina de Facebook:** [www.facebook.com/Elasasociacion](https://www.facebook.com/Elasasociacion). Nestes momentos, **séguennos 262 persoas**. Os temas solen ser: campañas do 8M e o 25N; denuncia e datos de discriminacións e violencias contra ás mulleres; difusión de actividades das entidades da comarca nas que estamos, do noso Concello, etc; visibilización de referentes femininos, en particular de Bergondo (na ciencia, na literatura, no deporte...); difusión das nosas actividades, etc.





## 4- AGRADECEMENTOS

A Asociación Elas quiere agradecer o apoio, durante estes anos, das diferentes organizacións públicas e privadas que permitíronnos conseguir os nosos obxectivos.



**XUNTA  
DE GALICIA**



**Concello de  
Betanzos**



**Concello de Bergondo**

**Club de taekwondo Han's Horang-I**



**ONG MESTURA**





## 5- DATOS ECONÓMICOS

| CONTA DE RESULTADOS 2021    |                    |          |
|-----------------------------|--------------------|----------|
| GASTOS                      |                    |          |
| Nº CONTA                    | CONCEPTO           | IMPORTE  |
| 625.0                       | PRIMAS DE SEGURO   | 105,45 € |
| 626.0                       | SERVIZOS BANCARIOS | 90,12 €  |
| TOTAL GASTOS 2020           |                    | 195,57 € |
| INGRESOS                    |                    |          |
| Nº CONTA                    | CONCEPTO           | IMPORTE  |
| 720.0                       | COTAS DE SOCIOS    | 130,00 € |
| TOTAL INGRESOS 2020         |                    | 130,00 € |
| RESULTADO DO EXERCICIO 2020 |                    |          |
| GASTOS                      |                    | 195,57 € |
| INGRESOS                    |                    | 130,00 € |
| PERDA                       |                    | 65,57 €  |

| BALANCE DE SITUACIÓN 2021 |                                      |               |
|---------------------------|--------------------------------------|---------------|
| ACTIVO                    |                                      |               |
| D) ACTIVO CIRCULANTE      |                                      |               |
| D VI) Tesorería           |                                      |               |
| 570                       | Caixa                                | 560,96 €      |
| 572                       | Bancos                               | 2.645,35 €    |
| TOTAL ACTIVO              |                                      | 3.206,31 €    |
| PASIVO                    |                                      |               |
| A) FONDOS PROPIOS         |                                      |               |
| A I) Fondo Social         |                                      |               |
| 101                       | Fondo social                         | 140,00 €      |
| 120                       | Excedentes. positivos<br>exerc. ant. | 8.414,26 €    |
| 121                       | Excedentes. negativos<br>exerc. ant. | - 10.052,39 € |
| 129                       | P y G (Perda)                        | - 65,57 €     |
| B) PASIVO NO CORRIENTE    |                                      |               |
| 410                       | Acreedores                           | 4.770,01 €    |
| TOTAL PASIVO              |                                      | 3.206,31 €    |